

Paréceme moi curioso como todas as persoas que coñecemos influen na nosa forma de ser e actuar.

Principalmente o noto na forma na que fago determinadas cousas. Por exemplo, sigo utilizando pinzas para o pelo como mas poñía a miña nai de pequena, suxeito o lapis como me ensinou unha profesora en primaria, e pinto os meus ollos como me ensinaron as miñas amigas.

Estou segura de que se o pensades daredes conta de todas as cousas que facedes automaticamente, sen pensalo, que “copiáchedes” de alguén.

O máis curioso de todo é que, a pesar de que esas persoas xa non estén na nosa vida, as costumes que nos ensinaron probablemente nunca deixarán de acompañarnos, como a miña costume de comer chocolate despois da comida como o facía en casa dos meus avós ou facer esquemas para estudar como o facía unha amiga que fai anos que non vexo.

Creo que é unha forma moi bonita de explicar como todas as nosas experiencias e todas as persoas que coñecemos pasan a ser parte de nós sen que nos fixemos.

Irene Bellón Vecino.